

# XELA ARIAS



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

CEIP XESÚS SAN LUÍS ROMERO

# NENA DA ALDEA

- Naceu en Ortoá, Sarria, o 4 de marzo de 1962.
- Foi bautizada como María de los Ángeles.
- Era filla de Valentín Arias e Amparo Castaño.
- Era a maior de cinco irmáns.
- O seu xoguete favorito era unha tartaruga de goma.
- Comezou a escribir relatos aos nove anos.
- Mostraba unha madurez extraordinaria.



# MOZA DA CIDADE

- Viviu a adolescencia en Vigo.
- Estudou no IES Castelao, no barrio do Calvario.
- Mostraba unha personalidade moi marcada.
- Gustáballe a vida urbana e a “movida” viguesa.
- Descubriu a cultura alternativa e a música.
- Tiña desexos de emancipación e de liberdade.
- En 1980, despois de rematar o bacharelato, comezou a traballar en Edicións Xerais de Galicia.



# COMO ERA XELA?

XENEROSA

ESPELIDA

LOITADORA

ARRISCADA

*Xela quixo ser ela*

ADIANADA

RIGOROSA

INDEPENDENTE

APAIXONADA

SENSIBLE

# ESCRITORA MODERNA

PIONEIRA

COMPROMETIDA

SINCERA


TRANSGRESORA

SINGULAR



# PROFESORA EXTRAORDINARIA

- Desde 1999 ata 2003, deu clases en nove institutos galegos:
  - IES Terra de Xallas, en Santa Comba
  - IES Paralaia, en Moaña
  - IES Valle-Inclán, en Pontevedra
  - IES Xelmírez II, en Santiago de Compostela
  - IES Valadares II, en Vigo
  - IES de Chapela, en Redondela
  - IES A Sangriña, na Guarda
  - IES Álvaro Cunqueiro, en Vigo
  - IES Montecarrasco, en Cangas



No IES Álvaro Cunqueiro de Vigo.

# OBRA INNOVADORA

- **POEMARIOS:** *Denuncia do equilibrio* (1986), *Tigres coma cabalos* (1990), *Darío a diario* (1996), *Intempériome* (2003).
- **TRADUCIÓNS:** De autores como Gianni Rodari e James Joyce.
- **NARRACIÓNS:** En obras colectivas.



# MULLER DE MUNDO

Xogaba coas palabras. Era meticulosa e precisa.

**POLIFACÉTICA:**

POETA

TRADUTORA

EDITORA

FILOLOGA

CONFERENCIANTE

PROFESORA



**POLÍGLOTA:**

GALEGO

CASTELÁN

PORTUGUÉS

ITALIANO

FRANCÉS

INGLÉS

# ESPOSA E NAI

- De 1992 a 2002 estivo casada co fotógrafo e matemático Xulio Gil.
- En 1994 naceu o seu único fillo, Darío, que será a inspiración do seu terceiro libro titulado *Darío a diario*, publicado en 1996.
- Presenta unha visión da maternidade desde o cotián, sen idealizacións.



# ARTISTA

*“A literatura e a arte en xeral está por encima dos sexos, é unha cuestión de sensibilidades, non de sexos.”*


➤ Mesturou a poesía con outras artes:

- FOTOGRAFÍA
- PINTURA
- MÚSICA

➤ Escribiu letras de cancións.

➤ Participou en recitais poéticos.

En 2003, preparaba con Fernando Abreu o proxecto poético musical “Vencerse é cousa de se tratar”.



# ACTIVISTA

Vencía a timidez para comprometerse coas causas xustas.

- Defendeu a igualdade entre homes e mulleres.
- Inscribiuse na ONG *Greenpeace*.
- A revista “Quercus” certificou que se plantou un carballo ao seu nome.
- Berrou “Nunca máis!” no desastre do *Prestige*.
- Manifestouse en contra da Guerra de Iraq.

Xela foi:

- FEMINISTA
- ECOLOXISTA
- PACIFISTA



# PREMIOS E RECOÑECEMENTOS


- Premio do VI Concurso de Contos da Asociación O Facho, polo relato titulado “A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia” (1973)
- Premio de Tradução Sociedade da Lingua Portuguesa, por *Amor de Perdición* (1986)
- Premio Ramón Cabanillas de Tradución, por *O derradeiro dos mohicanos* (1993)
- Premio de Tradución Plácido Castro 2004, por *O Spleen de París* (Póstumo)

# VIVIU SÓ 41 ANOS

- Faleceu o 1 de novembro de 2003, en Vigo.
- Está soterrada no cemiterio de Pereiró.




Xela Arias, fotografada polo seu irmán Lois Arias en 2003.



# HOMENAXEADA EN 2021

- Este ano dedícaselle o Día das Letras Galegas.
- É a quinta muller en recibir esta homenaxe, moi merecida por:
  - Defender o uso do galego.
  - Anovar a poesía galega en temas, estilo e forma.
  - Traducir ao galego moitas obras clásicas.
  - Participar no proceso de fixación da norma estándar.

# DEFENDEU A LINGUA GALEGA



“O idioma é o principal signo dunha cultura”.

“Quere iso dicir que un pobo que se alonxa do seu idioma alónxase da súa cultura. Quere iso dicir que a un pobo ó que alonxan do seu idioma alónxano da súa cultura. Quere iso dicir que Galicia ten aínda hoxe os seus mitos, a súa tradición sen resolver porque ten aínda sen resolve-la aceptación do seu propio idioma”.

“Escribir, para

*“A poesía convérteseme  
nunha táboa de salvación”*

min, é un acto de

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'X. Arias', with a horizontal line underneath.

liberdade”